






Yoga atopando as personaxes de Nadal do mundo


 **Hotei - osho (Xapón)**
Segundo conta a tradición, era un monxe alegre e carismático que pasou ao plano divino, e será esta deidade quen traia a abundancia e a felicidade. Segundo algunhas crenzas, ten ollos nas costas cos que observa as crianzas. Ás que se portan ben premiaraas cos obsequios que leva nun saco. Hai a superstición de fregarlle a barriga para pedir un desexo.


 **Papá Noel**
A súa orixe remóntase ao ano 1600, e nun principio soamente representaba o espírito alegre que chega impregnado co Nadal. Foi chamado na súa creación como San Nicolás polo bispo Nicolás de Bari. Máis tarde recibiría tamén o nome de Papá Noel nos países de lingua hispana, e sería o personaxe encargado de levar aos fogares os agasallos de Nadal. En América, é coñecido como Santa Claus.


 **Olentzero (País Vasco)**
Olentzero é o encargado de levar os agasallos de Nadal ás provincias de Guipúscoa, Áraha, Navarra e Biscaia. Segundo a tradición, é coñecido como un carboeiro mitolóxico que o día de Noiteboa chega aos fogares con presentes para todas as familias. Desde hai uns anos, a década dos 90 ten unha noiva Mari Domingui, que lle axuda no seu labor.


 **Bruxa Befana (Italia)**
Trátase da figura folclórica que visita cada madrugada do 6 de xaneiro as crianzas italianas para repartir doces e agasallos de Nadal (pero tamén carbón).


 **Trasgo Nisse (Noruega)**
É un pequeno gnomo, portador do 'sand kager' —un turrón autóctono con manteiga e amendoas—, tamén protexe os animais dos malos espíritos do bosque. Déixaselle unha cunca de gachas nos cortellos; se non o facemos, gastaranos bromas pesadas.


 **Dez Moroz "Avó das Neves" (Rusia)**
É o encargado de repartir a ilusión entre a rapazada rusa. Tamén chamado "avó da neve" vai acompañado da súa sobriña ou neta "Snegúrochka" ou "dona da neve"


 **Dun Che lao Ren**
Así é como coñecen os crentes o personaxe de Papá Noel en China. Significa "home vello do nadal".


 **Swag man (Australia)**
Nalgúns países como Australia, substitúese o frío por un sol estival acompañado de temperaturas que oscilan entre os 25 e 38 graos. Esta personaxe chega nunha táboa de surf, ou mesmo nun barco de salvamento.


 **Os tres Reis Magos**
Na tradición cristiá, Melchor, Gaspar e Baltasar reciben a denominación de magos, e posúen gran importancia na tradición hispanofalante. Celébrase a Noite de Reis a madrugada do 6 de xaneiro onde se conmemora cando os Reis Magos de Oriente (procedentes de Persia, India e Babilonia) cruzaron o deserto para deixar os seus regalos: ouro, incenso e mirra ao neno Xesús, guiados por unha estrela.


 **Tió de Nadal (Tronca de Nadal en Aragón)**
Tió de Nadal, é un tronco de madeira ao que, desde o inicio do Advento, se lle ofrece comida cada noite e se tapa cunha manta. O día de Noiteboa, os nenos golpéano mentres cantan para que o tronco defeque doces e agasallos tras a manta. Na parte superior pintaselle unha cara cun sorriso coa que mostra felicidade.


 **Apalpador (Galicia)**
Apalpador, Pandigueiro ou Apalpa Barrigas. Nas noites do 24 e 31 de decembro, baixa das montañas do leste galego para tocar as barrigas dos máis pequenos. O seu obxectivo é saber se comeron como cómpre durante o ano. Aproveita para deixar castañas e algún que outro agasallo.

 **Tomte (Noruega, Suecia e Finlandia)**
Son os encargados de levar os agasallos as crianzas.

 **Christkind (Alemaña, Austria e algunhas zonas de América)**
Apareceu coa intención de desprazar a figura de San Nicolás. É a encargada de repartir os agasallos. Este acto represéntase o día 5 de xaneiro, coincidindo coa chegada dos Reis Magos.

 **Zwart Piet "Pedro el Negro" (Países Baixos e Bélxica)**
É o paxe que axuda a San Nicolás a repartir agasallos na Festa de San Nicolás. Cada ano chega ás costas neerlandesas no barco de vapor de Sinterklaas, procedente de España, e reparte xoguetes ás crianzas que se portaron ben.

 **Raparigos Yule (Islandia)**
Obteñen moita fama ao exercer o papel que noutros lugares realiza San Nicolás, polo que no Nadal islandés son os personaxes máis importantes.

 **Belsnickel (Alemaña e Austria)**
Tamén forma parte do folclore de países tanto norteamericanos (Pensilvania) como en Suramérica (Arxentina ou Brasil) Ameaza os pequenos para que se porten como cómpre ao tempo que tamén reparte agasallos e doces.



Belén participado dos Centros Socioculturais

Igrexa de San Fiz

Composición artística e participada dos Centros Socioculturais no Nadal en San Fiz de Solovio. Do venres 1 de decembro ao venres 5 de xaneiro. San Fiz acollerá outro ano máis, unha composición moi especial, ademais do Belén tradicional co que sempre contan.

Esta composición é unha maqueta colectiva e artística feita pola veciñanza desde os 45 centros socioculturais de todo o termo municipal, que serán tamén os protagonistas dun concerto de corais veciñais.

Ademais...

CONCERTO DE CORAIS

Igrexa de San Fiz de Solovio_ 22 de decembro ás 18 h.
Recepción a cargo da Paxe do Nadal ás 17.30 h.

Participación das corais:

Coral Crecente de Conxo
Coral Ponte Mantible de Vite
Agrupación Pena Maior de Marrozos

VISITAS COMENTADAS

Sábados 9, 16 e 23 de decembro ás 11 e 11.30 h.

CONSULTA HORARIO DE APERTURA EN:
www.santiagoturismo.com



COMPOSTELA
A ESTRELA
DO NADAL

Listado de Centros socioculturais que forman parte do Belén Colaborativo

1. CSC DE VILLESTRO_ Edificio construído pola Deputación da Coruña no ano 2007.
2. CSC DE SANTA CRISTINA DE FECHA_ É un edificio de nova construción, feito pola Deputación da Coruña no ano 2003.
3. CSC DA PEREGRINA_ Antiga escola unitaria reformada.
4. CSC DE FIGUEIRAS_ Antiga escola de Codesedas dispón dunha ampla zona verde co parque infantil ao redor.
5. CSC DE GRIXOA_ Atópase ao carón do campo de fútbol e da igrexa parroquial.
6. CSC DE VIDÁN_ Antigamente foi un curtidoiro, e posteriormente a Casona de Fuentes
7. CSC DA ROCHA_ Pazo cedido pola familia Baltar para uso veciñal.
8. CSC DE BRAÑAS DE ANDRÉS_ Casa rehabilitada para dar servizo á veciñanza da zona.
9. CSC DE LARAÑO_ Antiga escola dos anos 60 que comparte espazo coa actual Escola do Rial.
10. CSC DE LAMASCAL_ Antiga escola, dos anos 60, alberga o centro sociocultural da parroquia.
11. CSC DE VITE_ Primeiro centro sociocultural de Santiago, inaugurado no ano 1991.
12. CSC DE VISTA ALEGRE_ Casa rehabilitada para dar servizo á veciñanza da zona.
13. CSC DA BARCIELA_ Sita no baixo da casa reitoral da parroquia de Barciela.
14. CSC DE MARANTES_ A antiga escola alberga na actualidade o centro sociocultural, sito ao carón dunha carballeira.
15. CSC DO ROMAÑO_ Moderno edificio no barrio do Avío
16. CSC DAS CASAS NOVAS_ Local sito na parte inferior do monte Pedroso. É a sede da Asociación veciñal Falda do Pedroso
17. CSC DA GRACIA_ Nos arredores o centro dispón de pistas deportivas, parque infantil e biosaudable.
18. CSC DE CARDEAL QUIROGA_ Antiga escola do barrio.
19. CSC DE CIDADE HISTÓRICA_ Edificio rehabilitado en plena Cidade Histórica, inaugurado co nome de Maruxa e Coralía.
20. CASA DO CONCELLO



21. CSC DE SANTA MARTA_ Inaugurado en decembro de 2012. A sala Magán considerada teatro tipo B, é o buque insignia do centro

22. CSC DE CARAMONIÑA_ Espazo singular que forma parte dun conxunto residencial, sito á beiriña do parque de San Domingos de Bonaval

23. CSC DO ENSANCHE_ Espazo polivalente sito en plena zona nova de Santiago. No pasado acolleu varios organismos públicos da Xunta entre eles o IGAPE, tamén foi sede da primeira biblioteca da fundación Caixa Galicia antes de instalarse na Rúa Nova 33, para volver ao Ensanche formando parte deste equipamento público-privado de xestión municipal.

24. CSC DE CASTIÑEIRIÑO_ No histórico barrio do Castiñeiriño, este edificio constrúese atendendo á demanda do movemento veciñal.

25. CSC DA ALMÁCIGA_ Edificio singular compartido co Centro Xove da Almáciga. Ao carón está o colexio Apóstolo Santiago.

26. CSC DE CONXO_ O CSC de Conxo tamén coñecido como o Aurelio Aguirre ou A Gasolineira popularmente, polos piares que soportan o centro e a parte porticada, naceu no ano 1993 despois da solicitude veciñal da asociación cultural Arco da Vella.

27. CSC DE SAN LOURENZO_ Este edificio albergou o primeiro colexio Raíña Fabiola.

28. CSC DA CASA AGRARIA_ Moderno edificio que é local veciñal, sede da asociación veciñal Casa Agraria.

29. CSC DA PONTEPEDRIÑA_ Sito no que foi a casa do xerente do matadoiro e as oficinas

30. CSC DA TRISCA_ Edificio deseñado polo arquitecto John Hejduk, o mesmo que deseñou as torres da Cidade da Cultura, excelentes vistas desde a súa terraza.

31. CSC DE AMIO_ Local veciñal. Espazo co-xestionado coa asociación veciñal Monte do Gozo que ten alí a súa sede.

32. CSC DE BUSTO_ A antiga escola da parroquia, datada de 1950, reformouse para uso sociocultural.

33. CSC DAS CANCELAS_ Sito nunha das zonas máis altas de Compostela, dá servizo á veciñanza do barrio das Cancelas.

34. CSC DAS FONTIÑAS_ Construído no ano 2000 no barrio das Fontiñas

35. CSC DE ARÍNS_ O edificio do antigo teleclub da asociación veciñal funciona como centro sociocultural.



36. CSC DE VERDÍA_ A antiga escola de Verdía dos anos 50 converteuse no centro sociocultural no 2014.

37. CSC DE SAR_ Local veciñal.

38. CSC DE BANDO_ O espazo dispón de pistas deportivas e parque infantil para ampliar a zona de actividades socioculturais nos días de bo tempo.

39. CSC DA LAVACOLLA_ Sito nun terreo que dispón de parque infantil na parte traseira

40. CSC DE NEMENZO_ A antiga escola dos anos 60 converteuse nun centro sociocultural rodeado dunha ampla carballeira.

41. CSC DO EIXO- BORNAIS_ O centro sociocultural foi construído nos anos 90 con parte dun edificio do antigo Burgo das Nacións.

42. CSC DA ENFESTA_ Este edificio foi noutro tempo a casa consistorial do Concello de Enfesta.

43. CSC DE MARROZOS_ O centro sociocultural de Marrozos fica nunha zona elevada da parroquia desde onde se divisa todo o val do río Santa Lucía, Montouto e Os Tilos

44. CSC DE SAN XULIÁN DE CARBALLAL_ Nun pequeno edificio sito no adro da igrexa está o centro sociocultural.

45. CSC DE CESAR_ O edificio está sito ao carón dunha zona de bosque autóctono.

46. CASA DAS ACOCIACIÓNS DE CORNES_ A antiga estación de Cornes foi o punto de partida da primeira liña de ferrocarril de Galicia, que uniu os antigos concellos de Conxo e Carril no ano 1873.

